



CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARTEIS “XXXI FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DE GALICIA”

1.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é convocar o o XXXI Concurso de Carteis “XXXI Festival de Bandas de Música de Galicia (Vila de Cruces)”.

As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO de 20 de febreiro de 2006.

Tema: XXX Festival de Bandas de Música de Galicia (Vila de Cruces).

Técnica: libre.

Tamaño: imprescindible tamaño cartulina ou A3 orientada en horizontal

Os carteis deberán ser elaborados integramente polos participantes, deberán ser realizados manualmente e non se admitirán deseños feitos por ordenador.

Os carteis presentados deberán ir asinados co nome do autor, figurando na parte de atrás o nome completo do autor, idade, enderezo, número de teléfono de contacto.

2.- FINANCIAMENTO

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 338.48 do orzamento prorrogado para o exercizo 2025, sendo o crédito total destinado aos mesmos 300,00 euros.

3.- PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas as persoas empadronadas no Concello de Vila de Cruces.

4.- PREMIOS

O importe dos premios será o seguinte:

- Premio a mellor cartel elaborado por persoas entre 0 e 16 anos: 75 €.
- Premio a mellor cartel elaborado por persoas entre 17 e 64 anos: 75 €.
- Premio a mellor cartel elaborado por persoas de 65 ou máis anos: 75 €.
- Premio cartel gañador: 75 €

O cartel gañador será seleccionado entre os tres premiados e o importe dos premios será acumulativo.

5.- DOCUMENTACION E PRAZO

As persoas que desexen participar deberán entregar no rexistro do Concello a seguinte documentación ata o **15 de abril de 2025**:

- Cartel no que figuren parte de atrás o nome e apelidos do autor/a, enderezo, teléfono e idade.
- anexo I de solicitude de participación

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





6.- CESION DE DEREITOS

Os carteis premiados quedarán no poder do Concello de Vila de Cruces e pasarán a formar parte do patrimonio do mesmo, podendo reproducilos e difundilos con enteira liberdade. O cartel gañador será o que se empregue para realizar a publicidade do Festival.

Impónse aos participantes a cesión gratuita dos dereitos de explotación nos termos previstos no artigo 48 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, reservándose o Concello de Vila de Cruces o dereito a utilizar os traballos premiados en futuras edicións ou actividades con fins promocionais.

7.- CONCESION

O procedemento de concesión será por concorrència competitiva.

Os premios serán decididos por un xurado formado por membros da corporación municipal, un traballador municipal e representantes de entidades culturais do Concello. Actuará de presidente o Concelleiro de Cultura e de secretario o traballador municipal.

O xurado valorará a creatividade, a orixinalidade, a facilidade de indentificar o cartel co Festival de Bandas e a calidade artística, tendo en conta a idade dos participantes.

A decisión do xurado será inapelable, e os concursantes polo feito de concursar aceptan as presentes bases.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúnan os méritos suficientes para ser premiados.

A decisión do xurado será publicada no taboleiro de edictos do concello sen perxucio da notificación aos gañadores do concurso.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda otorgar.

8.- PAGAMENTO

O pagamento realizarase unha vez que os premiados presenten no rexistro do Concello, no prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da concesión do premio, a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento asinada pola persoa premiada.
- Copia do NIF
- No caso de menores, copia do libro de familia.
- Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o beneficiario.

Comprobarase de oficio que as persoas premiadas figuren empadronadas no Concello.

Durante a celebración do Festival de Bandas, na Praza Juan Carlos I de Vila de Cruces, farase entrega aos premiados dun diploma acreditativo.





9.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

- A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se fará o pagamento da axuda
- Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado
- Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces no exercicio das funcións de fiscalización e control así como polo Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

10.- DEVOLUCION E REINTEGRO

Procederá o reintegro nos casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, no seguinte caso:

- Obtención do premio axuda reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen.

11.- COMPATIBILIDADE

Os premios que se otorguen ao amparo das presentes Bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

12.- PUBLICIDADE

A publicidade do extracto da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Igualmente se procederá á publicación na páxina web do Concello.

Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS, o texto e anexos, así como o extracto da mesma.

Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesión dos premios, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos.

13.- PROTECCION DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico info@viladecruces.es

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

14.- RÉXIME XURÍDICO.

Estes premios rexeranse polas presentes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, RD 887/2006 Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces no que lle sexa de aplicación d'acordo co establecido na súa disposición adicional décima e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como demáis normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Asdo. O alcalde

Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

